



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Resolución de 29 de maio de 2002, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 369 que afecta ó monte "Relleira de Sobreiros e Costa de Pasantes, Prado das Porfías, Costa de Cova Ladróns, Relleira de Corneda, e Campo de Monteira de Riba", do lugar das Pasantes, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo:

"Reunido o 29 de maio de 2002 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, D. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes, coa asistencia dos vocais, Josefa Fernández Fernández, xefa do Servicio de Montes e I.F., Alfonso Vázquez Castro-Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria Ana María Díaz López, xefa do Servicio Xurídico da Delegación de Medio Ambiente da Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 369

Monte: Relleira de Sobreiros e Costa de Pasantes, Prado das Porfías, Costa de Cova Ladróns, Relleira de Corneda, e Campo de Monteira de Riba.

Comunidade: As Pasantes

Parroquia: Vimianzo

Concello: Vimianzo

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Os veciños do lugar das Pasantes, na parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo, solicitaron deste Xurado, con data 15.03.2000, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 66,79 Ha.

Lindeiros:

Parcela A) Relleira de Sobreiros, Costa de Pasantes, Prado das Porfías e Costa de Cova Ladróns. NORTE: Monte veciñal do lugar da Toxa e parcelas particulares de veciños das Pasantes (Francisco Carballo, José Lema e José Rodríguez). LESTE: Parcelas particulares de veciños das Pasantes (José Nieves, Modesto Pérez, Esperanza Senra, Hdros. de María Miñonez, Francisco Carballo, José Antelo, Hdros. de Manuel Vázquez e outros). SUR: Parcelas particulares nas suas extremas (Modesto Pérez e Hdros. de Francisco Vázquez, veciños das Pasantes e A Gándara), e con

parcelas de monte veciñal dos veciños de Gándara non afectadas, co pico Monte Sangre. OESTE: Rego de Mouzo, parcelas particulares de Esperanza Senra, das Pasantes, e outros.

Parcela B) Relleiras de Corneda e Campo de Monteiro de Riba. NORTE: Monte veciñal do lugar da Toxa e parcelas particulares de Manuel Vázquez. LESTE: Rego de Mouzo, camiño de Carnés e fincas particulares de Ricardo Lema e Carmen Cundíns, de Brives, e José Antelo, das Pasantes. SUR: Monte veciñal do lugar de Ogas, parroquia de Cambeda, e parcelas particulares de Francisco Carballo. OESTE: Monte veciñal do lugar de Cures, parroquia de Cereixo.

29. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 10.05.2001, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor del a Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Corcubión, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamientos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Vimianzo, ó xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 175 de 10.09.2001), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

30. Os veciños das Pasantes fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común na posesión e aproveitamento desde tempos inmemoriais do monte de dito lugar. Presentan copia da Sentencia firme da Audiencia Provincial da Coruña de data 29.04.1997, confirmatoria da sentencia de 10.01.1995 recaída en xuízo declarativo seguido polo Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Corcubión. Na mesma se considera acreditada a posesión e aproveitamento da comunidade sobre o citado monte.

40. Este monte xa foi obxecto do expediente nº 218 deste Xurado, que na súa reunión de data 13.06.1983 acordou califica-lo monte como veciñal, e con data 29.10.1984 desestimou o recurso de reposición formulado contra tal resolución. Interposto recurso contencioso-administrativo contra ditas resolucións, foi estimado pola sentenza de 09.04.1988 da sala do contencioso-administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, confirmada pola sentenza de 18.06.1991 da Sala Terceira, Sección Sexta do Tribunal Supremo.

Tales sentencias declaraban a nulidade das resolucións do Xurado, baseándose en que nos expedientes administrativos non se acreditou que o monte viñese sendo poseído e aproveitado polos veciños, ao considerar que os informes e documentos obrantes no expediente non eran base suficiente para califica-lo monte como veciñal.

Agora, a vista das novas sentencias aportadas, onde figura o recoñecemento explícito tanto da orixe veciñal do monte, como dos aproveitamentos realizados pola comunidade, o Xurado decide o inicio de novo expediente de calificación.

5º. Publicados os edictos, e transcurrido o prazo para posibles reclamacións, non houbo presentada alegación algunha contra éste expediente.

6º. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños do lugar das Pasantes son parte lexítima para solicitar a iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, que ven avalado polo recoñecemento tanto da orixe veciñal do monte, como dos aproveitamentos realizados pola comunidade solicitante que se recolle nas sentencias aportadas, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal, do lugar das Pasantes, onde se cumpren os aludidos requisitos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA calificar como veciñal en man común o monte Relleira de Sobreiros e Costa de Pasantes, Prado das Porfías, Costa de Cova Ladróns, Relleira de Corneda, e Campo de Monteira de Riba, de pertenza do lugar das Pasantes, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo. Asimesmo, acordase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña".

A Coruña, 12 de xuño de 2002

Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes

A SECRETARIA DO XURADO,



Asdo. Ana María Díaz López



